

13Secretaría Xeral

Asesoría Xurídica

No exercicio da súa función contenciosa, a **Asesoría Xurídica** comezou 51 recursos contencioso-administrativos, incoados polo profesorado, polo persoal de administración e servizos, polo alumnado e por terceiros alleos á comunidade universitaria (expropiacións, responsabilidade patrimonial, contratación administrativa).

Así mesmo, hai que salientar que durante 2011 se ditaron, na orde contencioso-administrativa, 62 resolucións xudiciais favorables á institución e 8 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social iniciáronse 15 demandas. Ditáronse 16 resolucións xudiciais favorables á UDC e

4 desfavorables. Na orde xurisdiccional civil iniciáronse 2 procesos e ditáronse 2 resolucións favorables á UDC.

A cifra de apuntamentos reflicte os asentos de entrada/saída á que dan lugar as actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC: 1.275, ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais: 634.

Polo que se refire á súa función consultiva, a asesoría emitiu 355 informes e asistiu a 30 sesións da Mesa de Contratación e a unha da Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos.

Apuntamentos	Rexistro xulgados		Rexistro interno	
	2010	2011	2010	2011
Entradas	540	497	504	557
Saídas	103	137	683	718
Total	643	634	1.187	1.275

Cadro 206 Evolución do número de apuntamentos

Iniciados	
Alumnado	8
PAS	10
PDI	8
Outros	24
UDC	1
Total	51

Rematados	
Alumnado	4
PAS	10
PDI	1
Outros	10
UDC	2
Total	27

Cadro 207 **Procedementos iniciados e finalizados en 2011**

Resolucións	
Favorables á UDC	62
Desfavorables á UDC	8
Total	70

Cadro 208 **Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2011**

Resolucións xudiciais		
Alumnado		6
Favorables á UDC	5	
Desfavorables á UDC	1	
PAS		11
Favorables á UDC	11	
Desfavorables á UDC	0	
PDI		7
Favorables á UDC	5	
Desfavorables á UDC	2	
Outros		22
Favorables á UDC	21	
Desfavorables á UDC	1	
UDC		2
Favorables á UDC	2	
Desfavorables á UDC	0	
Total		48

Cadro 209 Orde contencioso - administrativa en 2011

Procedementos iniciados	
PAS	8
PDI	3
Outros	4
Total	15

Procedementos finalizados	
Outros	4
PAS	5
Total	9

Resolucións xudiciais	
Outros	5
Favorables á UDC	5
Desfavorables á UDC	0
PAS	11
Favorables á UDC	7
Desfavorables á UDC	4
PDI	4
Favorables á UDC	4
Desfavorables á UDC	0
Total	20

Cadro 210 Orde xurisdiccional social en 2011

Procedementos iniciados	
Outros	2
Total	2
Resolucións xudiciais	
Outros	2
Favorables á UDC	2
Total	2

Cadro 211 Orde xurisdiccional civil en 2011

Iniciados	2009	2010	2011
Iniciados			
Contencioso - administrativo	19	17	34
Social	6	16	15
Civil	1	2	2
Penal	2	4	0
Total	28	39	51
Finalizados			
Contencioso - administrativo	37	89	18
Social	28	14	9
Civil	-	1	0
Penal	1	4	0
Total	66	108	27
Resolucións favorables á UDC	43	92	62
Resolucións desfavorables á UDC	23	16	8

Cadro 212 Evolución do número de procedementos

Informes de alumnado	2
Informes de contratos	59
Informes de convenios/acordos/protocolos	213
Informes de normativa	6
Informes de PAS	2
Informes de pregos	12
Informes de profesorado	2
Informes de pleitos	2
Outros asuntos informados	14
Reclamacións de PAS	2
Reclamacións de terceiros	3
Reclamacións previas á vía xudicial do PAS	10
Reclamacións previas á vía xudicial do profesorado	1
Reclamacións previas á vía xudicial de outros	1
Recursos do PAS	16
Recursos do profesorado	1
Recursos do contratación	2
Recursos de subvencións e outras axudas	6
Recurso especial en materia de contratación	1
Total	355

Cadro 213 Informes emitidos pola Asesoría Xurídica en 2011

Normalización lingüística

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, constituída o 23 de xuño de 2009 tras asinaren un convenio, con data de 14 de maio de 2009, as tres universidades galegas, fixo posible a planificación de traballo conxunto e coordinado no ámbito universitario desde unha perspectiva institucional. No ano 2011, ano en que foi a Universidade de Vigo a encargada de coordinar os traballos da Comisión, uníronse a esta diferentes representantes da Xunta de Galicia, o secretario xeral de Política Lingüística, a subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística e o director xeral de universidades. Os traballos centráronse na continuidade da campaña *En galego tamén se fai ciencia*, na proposta de tradución ao galego ou elaboración propia de manuais universitarios para o primeiro curso dos novos graos e a experimentación dun programa piloto de tradución ao galego en congresos internacionais co

obxectivo de crear un arquivo sonoro de linguaxe científica.

Continuouse coa liña de apoio ás comisións de normalización lingüística dos centros da UDC, que realizaron diferentes solicitudes de financiamento de actividades de promoción do galego e colaboraron igualmente difundido as actividades do Servizo de Normalización Lingüística. Foron 11 os centros que desenvolveron accións ao longo do ano 2011, coa avaliación da Comisión de Seguimento do Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña.

O obxectivo cara aos vindeiros anos é o incremento da corrección e o asesoramento lingüístico para o colectivo docente, que pouco a pouco vai facendo uso dos recursos que lle pode ofrecer o Servizo de Normalización Lingüística.

	2009	2010	2011
Páxinas corrixidas	4.536	4.010	4.515
Páxinas traducidas	1.779	1.624	1.177

Cadro 214 Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística

Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico requirido adoita estar vinculado á revisión dos seus traballos de investigación, canalizados a través das axudas previstas para a súa redacción e defensa en

lingua galega. A isto hai que lle engadir o labor de responder consultas lingüísticas e/ou terminolóxicas puntuais ou solicitudes de información recibidas por diferentes vías (teléfono, correo electrónico...).

A Coruña (PDI)	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua	17
A Coruña (PDI)	Curso de Técnicas de Expresión Oral	6
A Coruña (PAS)	Curso de Introducción á Onomástica Galega	24
Total		47

Cadro 215 **Asistencia a cursos de lingua galega en 2011**

- Os días 20, 21 e 22 de xullo tivo lugar no Pazo de Cultura do Concello de Carballo o VII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua, *(Re)pensando o discurso*, en que se combinaron sesións teóricas e sesións prácticas, formativas, de análise e de traballo conxunto con inclusión de relatorios, grupos de traballo, presentación de experiencias, obradoiros, mesas de traballo e debates.
- A VIII edición das Xornadas sobre Lingua e Usos, dedicada este ano ao tema *Lingua e Ecoloxía*, tivo lugar os días 30 de novembro e 1 de decembro no Paraninfo da Universidade. A estas xornadas asistiron con regularidade 48 persoas.
- Convocouse a VIII edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coas outras universidades galegas, con dúas modalidades de participación. O gañador do Premio na modalidade de deseño dunha campaña de promoción da lingua galega foi Luís Suárez López, estudante da Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña, co traballo titulado *O galego constrúe. Constrúe o galego*. Canto á modalidade de idea para a promoción do galego, o xurado concedeulles este premio *ex aequo* aos traballos presentados baixo os lemas *O poder das palabras* e *Proxéctate en galego*, de que son autores res-

pectivamente Alejandro Grandaille Montero e María Marta López Alonso, en nome das comisións de

normalización lingüística dos centros universitarios dos campus de Lugo.

Teses de doutoramento	2
Traballos de investigación tutelados	1
Traballos de fin de mestrado	32
Traballos de fin de grao	5
Proxectos de fin de carreira	35
Total	75

Cadro 216 Axudas a traballos de investigación en lingua galega en 2011

– O Servizo de Normalización Lingüística editou as actas das VII Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Sanidade e mais un manual resultado das xornadas de formación das comisións de normalización lingüística e do curso de verán sobre dinamización lingüística titulado *Unha outra guía para a intervención lingüística*. Así mesmo, desde o SNL realizáronse os traballos de revisión lingüística e terminolóxica, segundo o caso, dos tres volumes seguintes: *Diccionario de química*, da autoría de Ramón Vilalta, Juan José Guillín e

Antonio Varela; constitúe o primeiro dicionario de química en lingua galega; *Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo*, primeiro número desta obra resultado do labor da comisión de normalización lingüística da facultade ferrolá; Catálogo da exposición *Action reaction: o universo creativo de David Lynch*.

Canto á páxina web do SNL, esta recibiu ao longo de 2011 máis de 9.000 visitas, o que supuxo un total de máis de 12.000 páxinas vistas.

Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña consta de dúas unidades: o Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

Rexistro

O número de asentos realizados en 2011 polo Rexistro da UDC foi o seguinte:

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	7.379	Total: 13.518
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	1.723	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	4.416	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	15.872	Total: 16.164
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	205	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	87	
Total de asentos			29.682

Cadro 218 **Asentos realizados polo Rexistro en 2011**

O número total de asentos rexistrados de entrada e saída en 2011 foi de 29.682 (36.481 en 2010). A diminución dos asentos no rexistro xeral debeuse entre outros factores á entrada en funcionamento de novos rexistros auxiliares (Acceso e Información; Bolsas; Atención e Promoción do Estudante; Estudos Oficiais

de Posgrao), que dependen das respectivas unidades orgánicas.

O número total de consultas atendidas polo persoal do Rexistro en 2010, tanto de modo presencial como a través do correo electrónico, foi de 6.105 (6.614 en 2010).

Centro de Documentación e Arquivo

No ano 2011 houbo 11 transferencias de documentación ao CEDAR. O total de unidades que ingresaron no Centro foi de 1.558 (1.491 caixas de arquivo e 67 documentos). As caixas corresponden ao *Fondo Universidade da Coruña* (documentación xerada pola propia UDC) e todas elas foron procesadas. Os documentos pertencen ao fondo denominado *Colección da Coruña: Cultura, Educación e Investigación*, distinto do fondo xeral da Universidade da Coruña. Neste fondo teñen cabida os documentos relativos ao ensino e á cultura na provincia da Coruña e, en xeral, á documentación relativa aos antecedentes da creación da Universidade da Coruña. Coa finalidade de incrementar este fondo, en 2011 adquiríronse 67 documentos, datados entre os anos 1810 e 1975.

O persoal do CEDAR elaborou ao longo do ano a proposta de identificación e valoración das seguintes series documentais:

- Expedientes de probas selectivas para o ingreso nas escalas do persoal de administración e servizos funcionario
- Expedientes de preinscrición de distrito único

- Expedientes de probas selectivas para a provisión de prazas de persoal de administración e servizos laboral fixo
- Facturas emitidas
- Cargos emitidos
- Actas de cualificación de terceiro ciclo
- Expedientes de convocatorias extraordinarias da UDC
- Expedientes de convocatorias extraordinarias do convenio das universidades do Sistema Universitario Galego
- Expedientes de bolsas de viaxe
- Rexistro xeral de documentos
- Expedientes de avaliación da produción científica
- Expedientes de selección para a cobertura de postos de persoal de administración e servizos con carácter temporal
- Propostas de pagamento
- Aumento de previsións iniciais de ingresos

Ao longo de 2011 realizouse a expurgación de 207 caixas de documentación, de conformidade coas Normas de conservación aprobadas previamente pola Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos.